

4



Ollos abertos

Pacto de amizade

A Biblia cónтанos unha historia moi bonita de dous amigos, que fixeron un pacto de amizade entre eles e foron sempre fieis a ese pacto.

A amizade de David e Ionatán

David estaba ao servizo do rei Xaúl. Era querido e admirado por todo o pobo; por iso, Xaúl tíñalle envexa e pensou en matalo. Ionatán, fillo de Xaúl, tíñalle moito cariño a David; eran grandes amigos e fixeron un pacto entre eles: apoiarse e axudarse sempre.

Ionatán pediu a seu pai que non fixese dano a David.


Pero a envexa de Xaúl fá medrando e David tivo que escapar do pazo e refuxiarse nos montes.

Ionatán foi velo e prometeulle que o avisaría se o seu pai tivese intención de matalo. David tivo ocasións de matar a Xaúl, pero non o quixo facer por ser o rei e o pai do seu amigo.

David logrou salvarse da man de Xaúl. E Xaúl morreu nunha batalla xunto co seu fillo Ionatán. Cando David se decatou daquela morte, chorou amargamente mentres dicía:

—¡Cómo sufro por ti, Ionatán, irmán meu! ¡Como te quería!

David chegou a ser rei de Israel e nunca permitiu que maltratasen a familia do seu amigo Ionatán.



► Repasa a historia de David e Ionatán

- ¿Por que tiña Xaúl envexa de David?
- ¿Que pacto fixeron David e Ionatán?
- ¿Que fixo Ionatán por David?
- ¿Que fixo David por Ionatán?
- ¿Como se comportou David con Xaúl?

**Os lazos da amizade poden ser más estreitos
ca os do sangue e a familia.**



Mirada penetrante

Pactos de amizade... ou de interese

As persoas, os grupos, as nacións... fan pactos e alianzas para apoiarse e defenderse mutuamente.

■ Pacto de amizade e de interese

Entre os amigos, aínda sen dicilo, existe como un pacto de amizade, polo que se comprometen a axudarse, a colaborar, a quererse. Non todos os pactos son iguais. Uns son de amizade e outros, de interese.

Pacto de interese	Pacto de amizade
<ul style="list-style-type: none">■ Faise para conseguir un beneficio ou ganancia.■ Cada un busca o seu propio ben, aínda que teña que dar algo para conseguilo.■ Cada un dá o menos que pode, para obter o que lle interesa.■ Esíxese que se asine ese pacto para obrigar a cumplirlo.	<ul style="list-style-type: none">■■■■

► Pactos de amizade.. ou de interese:

- ¿Cal destes pactos son más frecuentes?
- ¿Como son as nosas relacións cos amigos?



Oídos atentos

O pacto de amizade de Deus

Deus, por puro amor, fai un pacto de amizade (Alianza) co pobo que escollera..



-
- *Se agora me obedecedes e gardades a miña alianza, seredes a miña propiedade escolleita entre todos os pobos. (Ex 19,5-6)*
- *O Señor, o teu Deus, quere-rate, bendicirate e multiplicarate.... Serás máis bendito ca todos os pobos... (Dt 7,12-15)*




¿Que lle promete Deus ao pobo?





- Hoxe o Señor, o teu Deus, mándache pór en obra estes preceptos e decretos. Gárdaos e ponos en obra con todo o teu corazón e con toda a túa ilusión. Ti hoxe fixécheslle dicir ao Señor que El sería o teu Deus e que ti camiñarías polos seus vieiros, que gardarías os seus preceptos, os seus mandamentos e os seus decretos e que escoitarías a súa voz. (Dt 26,16-18)

■ ¿A que se compromete o pobo?



Deus e o pobo selaron este pacto prometéndose mútua fidelidade.

O Señor dixo:

- Os preceptos que eu che mando hoxe estarán no teu corazón, inculcarásllelos aos teus fillos. (Dt 6,6)
- Constituíde estas palabras miñas coma obxecto das vosas intencións e do voso esforzo. (Dt 11,18)
- O pobo respondeu:
 - Faremos todo canto dixo o Señor. (Ex 19,8)

Memoria esperta

O acontecemento da Alianza

Do mesmo xeito que os israelitas recordaron sempre esta Alianza, a Igrexa invítanos a que tamén nós gardemos na memoria e no corazón este acontecemento.

■ ¿Quen fai a Alianza?

A vivir no medio do seu pobo coma o gran amigo, a querelo, a axudarlle en todos os momentos da súa historia. (cf. ENF p. 14)

■ ¿A que se compromete o pobo?

■ ¿Por que fai Deus esa alianza co pobo?

■ ¿Cal é o resultado desta Alianza?

Xurde unha gran comunidade entre Deus e o pobo: Deus está unido a Israel e o pobo entrégase a Deus

■ ¿A que se compromete Deus?



Mans activas

Aliados de Deus

Deus, ao facer alianza co pobo, convértese no seu aliado, no seu protector. Nós debemos comprometernos a vivir coma bons aliados de Deus.

■ O decálogo do bo aliado de Deus

- 1 Séntese feliz polo gran regalo de Deus de facelo amigo seu.
- 2 Dá grazas a Deus pola súa protección e pola súa axuda.
- 3 Ámao con todo o corazón para responder ao grande amor que Deus lle tén.
- 4 Respéctao como a Deus Creador e Señor de todo o universo.
- 5 Vive unido a El e fíase da súa palabra e as súas promesas.
- 6 Fala e comunícase con El, trátao coa confianza dos amigos.
- 7 Pídelle axuda cando o necesita e está seguro de que El o escucha.
- 8 Esfórzase por cumplir con cariño e ilusión os seus mandamentos.
- 9 Trata de escuitalo e seguilo sempre, de facer todo o que lle agrada.
- 10 Fala de Deus aos demás e anuncia a todos o seu gran amor.

1. Moi bo	2. Bo	3. Regular	4. Malo
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

► Eu tamén podo ser aliado de Deus:

- ¿Que tipo de aliado de Deus son?
- Cualifícome como:

1. Moi bo

2. Bo

3. Regular

4. Malo